

EPV 1º ESO.

Obxectivos 1ºESO e 3º ESO.

1. Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.

2. Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes.

Apreciar como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenza.

3. Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.

4. Sensibilizar o alumnado ante o goce artístico e acadar os recursos suficientes para apreciar as diferentes representacións artísticas.

5. Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.

6. Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.

7. Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación máis axeitadas.

8. Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.

9. Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.

10. Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.

11. Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

CONTIDOS MÍNIMOS. 1ºESO

Bloque 1. Observar e comprender.

* Lectura de imaxes, recoñecendo os elementos visuais, conceptuais e relacionais.

* Interese pola observación sistemática.

Bloque 2. Interpretar, expresar e crear.

* Análise e realización de composicións utilizando os elementos conceptuais propios da linguaxe visual como elementos de descrición e expresión, tendo en conta conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.

- * Experimentación e exploración dos elementos que estruturan as formas e as imaxes (luz, forma, cor, textura, dimensión).
- * Produción colectiva de obras plásticas en distintos soportes.
- * Representación persoal de ideas, en base a uns obxectivos, utilizando a linguaxe visual e plástica e manifestando iniciativa, creatividade e imaxinación.
- * Actitude responsable no desenvolvemento da obra propia ou colectiva.

Bloque 3. Contorno audiovisual e multimedia.

- * Identificación da linguaxe visual en prensa, publicidade e televisión.
- * Experimentación e utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura, tratamento e creación de imaxes plásticas.
- * Recoñecemento e valoración da presenza e influencia da imaxe no noso tempo.

Bloque 4. Dimensión social e cultural.

- * Análise de obras do patrimonio cultural propio detectando as similitudes e as diferenzas respecto doutras sociedades e culturas.
- * Valoración, respecto e gozo do patrimonio histórico- artístico, da obra allea e dos espazos de divulgación artística.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN PARA 1º,3º e4º ESO.

Dependendo da materia que se avalíe e dado o carácter práctico da materia teremos dúas maneiras de facer a avaliación:

A) A nota da Avaliación será o resultado da avaliación dos conceptos, procedementos e actitudes do alumno; debéndose alcanzar a puntuación de 5 puntos para aprobar. O reparto será da seguinte maneira:

Apartado 1.-40% da nota á **parte conceptual**, referida á consecución por parte do alumno dos contidos mínimos esixidos na programación e as posibles probas de examen.

Apartado 2. -40% da nota á **parte procedimental**, mediante o traballo realizado na aula.

Apartado 3. -20% da nota á **parte actitudinal**, correspondéndose así coa actitude do alumno con respecto á asignatura, así coma o comportamento social, e o respecto ós traballos alleos.

***Para a aplicación dos criterios de calificación antes mencionados será necesario:**

1. A execución e entrega de tódolos traballos plantexados na aula na data fixada polo profesor. (estas datas son de rigoroso cumprimento). O traballo non entregado terá a calificación de 0 puntos.
2. Será necesario acadar a calificación numérica de 3,5 nas notas dos traballos ou exames para poder facer media, tendo que repetir o traballo ou exame ata acadar unha nota igual ou superior a 3,5 puntos.

• **No caso de que o alumno non acade no exame de avaliación a calificación de 3,5 puntos, para poder aplicar os criterios de calificación.**

- a) Se ten todos os traballos entregados e con máis de 3,5 en cada un deles, a súa nota na avaliación será a nota do exame máis 1 punto.
- b) Se non ten todos os traballos entregados ou nalgún menos de 3,5 puntos, a súa nota será exclusivamente a nota do exame.

• **No caso de que o alumno non acade nos traballos que ten que entregar en cada avaliación a calificación de 3,5 puntos(para poder aplicar os criterios de avaliación) ou falten traballos por entregar.**

- a) Se ten o exame con máis de 3,5 puntos, a súa nota da avaliación será de 3 puntos.
- b) Se ten o exame con menos de 3,5 puntos a nota da avaliación será a nota do exame.

B) A nota da avaliación será o resultado da avaliación dos procedementos e actitudes. Valorándose:

Apartado 2. -80% da nota á parte procedimental.

Apartado 3.-20% da nota á parte actitudinal.

- Así se a nota dos traballos fose inferior a 3,5 puntos poder aplicar os criterios de avaliación ou faltasen traballos por entregar a nota da avaliación será a nota media dos traballos.

RECUPERAR A AVALIACIÓN SUSPENSA. XUNIO E SETEMBRO. 1º ,3º e 4º ESO.

• **Durante o curso o profesor realizará probas de recuperación por avaliacións e entregas de traballos con datas concretas do seguinte xeito:**

A) alumnos que suspenderon a avaliación por falta de traballos ou traballos cunha calificación inferior a 3,5 puntos para poder aplicar os criterios de avaliación.

Estos alumnos deberán repetir os traballos suspensos ou non entregados no prazo fixado e unha vez entregados e avaliados cunha calificación igual ou superior a 3,5 aplicaráselle os criterios de avaliación do curso correspondente. Si esto non sucedese continuarían coa mesma nota que tiñan.

B) Alumnos que suspenderon a avaliación por non ter un 3,5 no exame para poder aplicar os criterios de avaliación. Estes alumnos deberán repetir o exame ata obter unha calificación igual ou superior a 3,5 para poder aplicarlles os criterios do curso . Si esto non sucedese continuarían coa mesma nota que tiñan.

• **Se o alumno chegase a xunio coa materia suspensa**

Tería que realizar un exame e sería condición indispensable para poder realizalo ter entregados todos os traballos do curso e cunha nota superior ou igual a 5 puntos, dado o carácter práctico da materia. Neste exame o alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 5 para aprobar. A nota do exame é a nota da recuperación.(Si non

entregase os traballos ou a nota non chegase a 5, puntos nos traballos a nota da avaliación sería a nota dos traballos non podendo nunca ser superior a 3puntos).

• **Se o alumno chegase a setembro coa materia suspensa.**

Tería dereito a facer un exame de setembro (previa entrega de tódolos traballos do curso e cunha nota igual ou superior a 5 puntos. Neste exame o alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 5 para aprobar. A nota do exame é a nota da recuperación. (Si non entregase os traballos ou a nota non chegase a 5, puntos nos traballos a nota da avaliación sería a nota dos traballos non podendo nunca ser superior a 3puntos).

CONTIDOS MÍNIMOS. 3º ESO.

Bloque 1 . Observar e comprender

*Recoñecemento das finalidades comunicativa, expresiva e estética da comunicación visual.

* Exploración dos posibles significados dunha imaxe segundo o seu contexto expresivo e referencial, e descrición dos seus elementos formais.

Bloque 2. Interpretar, expresar e crear.

* Descubrimento e representación subxectiva das formas (posición, situación, ritmos, claroscuro, efectos visuais, imaxinación, fantasía).

* Sensibilización ante as variacións visuais producidas polos cambios lumínicos.

* Experimentación e utilización de técnicas en función das intencións expresivas e descritivas. * Realización de apuntamentos, boquexos e esquemas en todo o proceso de creación (desde a idea inicial ata a elaboración de imaxes e formas), facilitándoo proceso de reflexión, autoavaliación e avaliación.

* Construción de formas tridimensionais en función dunha idea ou obxectivo con diversidade de materiais.

Bloque 3. Contorno audiovisual e multimedia.

* Análise e experimentación dos procesos, técnicas e procedementos propios dos medios de captura e manipulación de imaxes fixas, seriadas e en movemento, para producir mensaxes audiovisuais.

* Actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade e rexeitamento dos elementos desta que supoñan discriminación social, de xénero ou racial.

Bloque 4. Dimensión social e cultural.

* Determinación dos valores plásticos e factores persoais e sociais que destaquen nunha obra determinada e o seu autor, realizando esquemas e sínteses sobre algunhas obras para destacar os valores máis importantes.

* Diferenciación de distintos estilos e tendencias das artes visuais, determinando os factores plásticos, simbólicos, etc. que os definen e

EPV 4ºESO (optativa).

Obxectivos da area EPV 4º ESO* (Competencias Básicas)

1. Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.*(CC).

2. Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. Apreciar como un modo de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas.*(CC, CS).

3. Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.*(CC).

4. Sensibilizar o alumnado ante o gozo artístico e acadar recursos abondos para apreciar as diferentes representacións artísticas.*(CC, CP).

5. Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.*(CC, CS).

6. Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e de espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.

*(CM).

7. Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación máis axeitadas.*(CD).

8. Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.*(CS).

9. Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo dos obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.*(CC, CS).

10. Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.*(CL)

11. Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.*(CA, CP).

CC: Competencia cultural e artística.

CA: Competencia para aprender a aprender.

CD: Tratamento da información e competencia dixital.

CF: Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.

CS: Competencia social e cidadá.

CM: Competencia matemática.

CP: Autonomía e iniciativa persoal.

CL: Competencia en comunicación lingüística.

CONTIDOS MÍNIMOS. 4º ESO.

1. PROCESOS COMÚNS Á CREACIÓN ARTÍSTICA.

- Realización e seguimento do proceso de creación: bosquexo ou esquema, guión ou proxecto, presentación final ou maqueta e avaliación (reflexión, autoavaliación e avaliación colectiva do proceso e do resultado final)
- Utilización da linguaxe plástica e visual para a representación persoal de ideas a partir de obxectivos.
- Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de creación artística e de creación artística e na superación das creacións propias.

2. EXPRESIÓN PLÁSTICA E VISUAL.

- Realización de experiencias de experimentación con materiais diversos.

3. ARTES GRÁFICAS E DESEÑO.

- Fundamentos do deseño e das súas técnicas gráfico-plásticas.
- Lectura e valoración das imaxes do contorno do deseño e da publicidade.

4. IMAXE E SON.

- Técnicas de expresión gráfico-plásticas aplicadas á imaxe fixa, seriada e en movemento.
- Recoñecemento e lectura de imaxes presentes en distintos soportes.

5. DESCRICIÓN OBXECTIVA DAS FORMAS.

- Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional.
- Contornos de aplicación dos sistemas de representación.

DEBUXO TÉCNICO - 1ºBACHARELATO

OBXECTIVOS.1ºBAC.

1. Utilizar adecuadamente e con destreza tanto os instrumentos como a terminoloxía específica do debuxo técnico.
2. Valorar a importancia que ten o correcto acabado e a representación do debuxo no referido á diferenciación dos distintos trazos que o configuran, a súa exactitude e a limpeza e o coidado do soporte.
3. Considerar o debuxo técnico como unha linguaxe científica, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe para poder expresar e comprender a información.
4. Coñecer e comprender os principais fundamentos da xeometría métrica aplicada para resolver problemas de configuración e descrición de formas no plano.

5. Comprender e empregar os sistemas de representación para resolver problemas xeométricos no espazo e representar figuras tridimensionais no plano.
6. Valorar a universalidade da normalización no debuxo técnico e aplicar as principais normas UNE e ISO referidas á obtención, posición e acoutamento das vistas das formas descritas.
7. Conseguir a destreza e a rapidez necesarias ao empregar o esbozo e a perspectiva a man alzada como medios de expresión gráfica.
8. Planificar e reflexionar sobre o proceso de realización de calquera construción xeométrica tanto de forma individual como colectiva, sendo capaces de establecer con flexibilidade e responsabilidade as relacións necesarias naquelas actividades que requiran dun traballo colectivo.
9. Integrar os coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicacións da vida cotiá, revisando e valorando o estado de consecución do proxecto ou actividade sempre que sexa necesario.
10. Interesarse polas novas tecnoloxías e os programas de deseño, utilizando e valorando as súas posibilidades na elaboración dos planos técnicos dun proxecto.

CONTIDOS MÍNIMOS 1ºBAC

Arte e debuxo técnico

- Orixe e principais feitos da historia do debuxo técnico.

Debuxo xeométrico

- Trazados elementais.
- Escalas.
- Trazado de polígonos regulares.
- Trazado de tanxencias.
- Problemas de enlaces.
- Definición y trazado de curvas planas: óvalos, ovoides y espirales.
- Definición y trazado de curvas técnicas: elipse, hipérbola y parábola.

Sistemas de representación

- O sistema diédrico: punto, recta e plano. Interseccións. Paralelismo e perpendicularidade. Distancias.
- O sistema axonométrico: Isometría e perspectiva cabaleira.
- O sistema cónico: perspectiva frontal e oblicua.

Normalización e elaboración de esbozos.

- Saber representar en sistema diédrico pezas dadas en perspectiva.
- Coñecer e utilizar correctamente as normas básicas de representación en vistas.
- Saber acotar correctamente.

PROCEDIMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN. 1º e 2º BAC.

A avaliación será unha actividade sistemática, continua e integradora. Será unha avaliación individualizada e correctora, que buscará apreciar os logros do alumnado tendo en conta o nivel do que parte. Para iso realizarase:

Avaliación inicial ao principio do curso que nos permitirá saber o nivel de coñecementos conceptuais, procedimentais e actitudinais do grupo en xeral por unha banda e do alumno en particular por outra, o que nos facilitará adecuar os contidos e metodoloxía da programación para a consecución dos obxectivos do curso.

Constará de: Unha serie de traballos realizados en clase a partir de coñecementos básicos de cursos anteriores e unha proba final sobre as posibilidades de relacionar eses coñecementos cos coñecementos básicos do curso actual. Valoraranse mediante os resultados e a observación en clase das reaccións do alumnado ante eses problemas.

A avaliación ao longo do curso deberá informarnos do desenvolvemento da programación: dos seus logros e deficiencias á hora de levala á práctica e permitiranos en todo momento rectificar e solucionar erros e deficiencias, tanto do alumno como na programación, sempre co fin de conseguir os obxectivos xerais marcados nun principio. Para iso usarase unha folla de seguimento con cada alumno, onde anotaranse diariamente todas as deficiencias e progresos obtidos por cada alumno ao redor dos conceptos, procedementos e actitudes.

Que avaliar:

Na avaliación ao longo do curso teranse en conta os seguintes apartados:

- **Caderno de clase, láminas e traballos**- Onde pódese observar o nivel de interese, limpeza, orde e claridade de ideas. Tamén a capacidade do alumno para materializar, e comprender e assimilar os coñecementos, e a súa capacidade para relacionarse e traballar en equipo nos traballos previstos para iso. **Este apartado será ou 20% da nota** e nunca maior nota que a sacada nas probas que se realicen na aula.
- **Probas**.- Onde a profesora poida saber que coñecementos ten o alumno individualmente e as súas posibilidades de expresarse de xeito autónomo. **Este apartado será ou 80% da nota**. Estas probas realizaranse ao longo de cada trimestre, deixando constancia por escrito.

Nota:

1. Será imprescindible para superar a materia, a execución e entrega de tódolos traballos plantexados na aula, as datas de entrega dos traballos, son de rigoroso cumprimento, só variables en casos concretos, por razóns plenamente xustificadas.

2. Para a aplicación dos criterios de calificación vixentes en plástica será necesario ter un 3,5 como mínimo, nas notas dos traballos e do exame, tendo que volver a realizar o traballo ou repetir o exame ata alcanzar unha nota mellor ou igual a 3,5 puntos. De non ser así, a nota da avaliación será a da parte que non está superada. Unha vez aprobada a parte suspensa (ou unha vez alcanzado o 3,5) obterase a nota aplicando os criterios de calificación. Esta nota deberá ser de 5 puntos no total para aprobar a materia.

RECUPERAR A AVALIACIÓN SUSPENSA 1º e 2º DE BAC.

- **Durante o curso o profesor realizará probas de recuperación por avaliacións e entregas de traballos con datas concretas do seguinte xeito:**

A) alumnos que suspenderon a avaliación por falta de traballos ou traballos cunha calificación inferior a 3,5 puntos para poder aplicar os criterios de avaliación.

Estos alumnos deberán repetir os traballos suspensos ou non entregados no prazo fixado e unha vez entregados e avaliados cunha calificación igual ou superior a 3,5 e aplicaráselle os criterios de avaliación do curso correspondente. Si esto non sucedese continuarían coa mesma nota que tiñan.

B) Alumnos que suspenderon a avaliación por non ter un 3,5 no exame para poder aplicar os criterios de avaliación. Estes alumnos deberán repetir o exame ata obter unha calificación igual ou superior a 3,5 para poder aplicarles os criterios do curso . Si esto non sucedese continuarían coa mesma nota que tiñan.

- **Se o alumno chegase a xunio coa materia suspensa.**

Tería que realizar un exame e sería condición indispensable para poder realizalo ter entregados todos os traballos do curso e cunha nota superior ou igual a 3,5 puntos, dado o carácter práctico da materia. Neste exame o alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 3,5 para poder aplicar os criterios de avaliación do curso. A nota de xunio será a nota media dos traballos do curso e a nota do exame. O aprobado estará no 5.

* Si non entregase os traballos ou a nota non chegase a 3,5 puntos nos traballos a nota da avaliación sería a nota exclusivamente do exame non podendo nunca ser superior a 3 puntos.

- **Se o alumno chegase a setembro coa materia suspensa.**

Tería dereito a facer un exame de setembro (previa entrega de todos os traballos do curso e cunha nota igual ou superior a 5 puntos. Neste exame o alumno deberá obter unha nota igual ou superior a 5 para aprobar. A nota do exame é a nota da recuperación. (Si non entregase os traballos ou a nota non chegase a 5, puntos nos traballos a nota sería exclusivamente a nota do exame non podendo nunca ser superior a 3 puntos).

Obxectivos. 2º BAC.

1. Utilizar adecuadamente e con destreza tanto os instrumentos como a terminoloxía específica do debuxo técnico.
2. Valorar a importancia que ten o correcto acabado e a representación do debuxo no referido á diferenciación dos distintos trazos que o configuran, a súa exactitude e a limpeza e o coidado do soporte.
3. Considerar o debuxo técnico como unha linguaxe científica, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe para poder expresar e comprender a información.
4. Coñecer e comprender os principais fundamentos da xeometría métrica aplicada para resolver problemas de configuración e descrición de formas no plano.
5. Comprender e empregar os sistemas de representación para resolver problemas xeométricos no espazo e representar figuras tridimensionais no plano.
6. Valorar a universalidade da normalización no debuxo técnico e aplicar as principais normas UNE e ISO referidas á obtención, posición e acoutamento das vistas das formas descritas.
7. Conseguir a destreza e a rapidez necesarias ao empregar o esbozo e a perspectiva a man alzada como medios de expresión gráfica.
8. Planificar e reflexionar sobre o proceso de realización de calquera construción xeométrica tanto de forma individual como colectiva, sendo capaces de establecer con flexibilidade e responsabilidade as relacións necesarias naquelas actividades que requiran dun traballo colectivo.
9. Integrar os coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicacións da vida cotiá, revisando e valorando o estado de consecución do proxecto ou actividade sempre que sexa necesario.
10. Interesarse polas novas tecnoloxías e os programas de deseño, utilizando e valorando as súas posibilidades na elaboración dos planos técnicos dun proxecto.

CONTIDOS MÍNIMOS .2º BAC.

Trazados xeométricos.

- Trazados no plano: ángulos na circunferencia, división en partes iguais, concepto de arco capaz.
- Proporcionalidade e semellanza: escalas normalizadas, triángulo universal de escalas.
- Triángulos: construción de triángulos a partir de lados e ángulos, aplicación do arco capaz, coñecer os seus puntos máis notables.
- Polígonos: construción de polígonos regulares a partir del lado.
- Potencia: concepto de potencia e inversión, aplicacións.

- Transformacións xeométricas no plano: homoloxía, afinidade e inversión.
- Tanxencias: resolución de tanxencias e enlaces. Aplicación dos conceptos de potencia e inversión.
- Curvas cónicas e técnicas: construír cónicas a partir dos parámetros que as definen. Interseccións con rectas e rectas tanxentes, valorándose a precisión na definición das curvas e dos puntos de intersección ou tanxencia.

Sistemas de representación.

- Sistema diédrico: Abatements, xiros e cambios de plano. Verdadeiras magnitudes e interseccións. Representación de formas poliédricas e de revolución. Representación de poliedros regulares. Interseccións con rectas e planos basicamente proxeccións na resolución de exercicios de verdadeiras magnitudes, distancias e ángulos cos planos de proxección.
- Sistema axonométrico ortogonal e oblicuo: fundamentos do sistema, proxeccións e coeficientes de redución. Representación de formas poliédricas e de revolución. Representar corpos e figuras xeométricas en isometría, perspectiva cabaleira e militar a partir das súas proxeccións diédricas e á inversa valorándose a situación da figura.
- Sistema de planos acoutados: fundamentos.
- Sistema cónico: Fundamentos, elementos do sistema. Perspectiva lineal, central e oblicua sempre co plano do cadro vertical, empregando raios visuais ou puntos de medición.

Normalización

- Xeneralidades sobre normalización: que, como e cando é necesario normalizar no debuxo técnico.
- Principios de representación : posición e denominación das vistas fundamentalmente no sistema europeo. Elección das vistas. Coñecer e empregar axeitadamente os distintos tipos de liñas normalizadas en exercicios de esbozos. Aplicar correctamente as normas referidas a vistas, cortes e seccións.
- Acoutamento: principios e normas xerais de acoutamento no debuxo industrial e no debuxo arquitectónico.